

Adaptación: **OLALLA GONZÁLEZ**
Ilustrador: **FEDERICO FERNÁNDEZ**


Encadernado en cartón. 22x22 cm.
40 páxinas. Ilustracións a toda cor.

Dispoñible en:

- Galego: "Chibos chibóns"
Os Contos do Trasnó. ISBN 978-84-8464-617-4
- Castelán: "Chivos chivones"
Libros para Soñar. ISBN 978-84-96388-55-0
- Castelán: "Chivos chivones".
Makakiños. ISBN 978-84-96388-22-2
- Portugués: "Chivos sabichões"
Livros para Sonhar. ISBN 978-972-8781-25-5

Prezo: 13 €

CHIBOS CHIBÓN



Había unha vez tres chibos que vivían no alto dunha montaña:

o chibo chibón pequeno, o chibo chibón mediano e o chibo chibón grande.

Un día viron unha herba moi verde que crecía ao outro lado do río. Pero para chegar aló había que cruzar unha ponte e debaixo dela vivía un ogro terrible, que non deixaba pasar a ninguén. Así pois, o chibo pequeno, o chibo mediano e o chibo grande tiveron que argallar a forma de burlar ao monstro. Unha historia que nos amosa que a intelixencia e o enxeño poden máis que a forza física...

Olalla González adapta para os primeiros lectores este conto popular europeo, cunha versión especialmente creada para ser contada. En "Chibos chibóns", os cativos atoparán un xogo de tamaños, números e sons, que tamén se traduce nun xogo tipográfico a través das páxinas do libro. Federico Fernández, galardoado en 2001 co Primeiro Premio Nacional de Ilustración por "Onde perdeu Lúa a risa?", apórtalle á historia unha boa dose de humor, creando unha serie de personaxes dotados de gran expresividade.

Existe outra versión deste álbum, na colección Makakiños de KALANDRAKA, destinada a persoas con necesidades educativas especiais, para o que o relato foi adaptado ao sistema de pictogramas SPC.

OLALLA GONZÁLEZ (Marín, 1977)

Diplomada en Maxisterio, na especialidade de Educación Primaria. Especialista en animación á lectura, imparte diversos talleres plásticos e literarios. Actualmente desempeña a súa actividade profesional no departamento de edición de KALANDRAKA, ademais de formar parte do equipo de animación á lectura da librería LIBROS PARA SOÑAR (rúa Triunfo, 1, Vigo), onde cada verne pola tarde se realizan sesións de contacontos gratuítas para nenos, complementadas con obradoiros de plástica.

FEDERICO FERNÁNDEZ (Vigo, 1972)

Licenciado en Belas Artes pola Universidade de Vigo, na especialidade de pintura. Destacan as súas colaboracións en proxectos relacionados coa escenografía musical (deseño de carteis, maquetas, cubertas discográficas) e o seu traballo de ilustración para o Instituto de Formación e Estudos Sociais. No terreo artístico, recibiu en 2001 o Premio Nacional de Ilustración pola obra "Onde perdeu Lúa a risa?", editada por KALANDRAKA en galego, castelán, catalán, euskera, portugués e italiano.

No eido plástico, realizou exposicións individuais e colectivas de pintura e gravado, entre as que destacan as realizadas na Galería Cuarta Pared de Madrid en 1995, a Galería Bachelos de Vigo en 1997 e 1999, a mostra colectiva de 'Novos Valores' no Teatro Principal de Pontevedra en 2000, e a Real Academia Galega de Belas Artes de A Coruña, ademais da súa presenza na Galería Visual Labora de Vigo en 2001.

Polo seu traballo plástico obtivo, entre outros, o primeiro premio no concurso 'Vigo en Vivo' e o segundo premio no concurso de pintura 'Novos Valores Comarcas do Sar'.

- **Temática:** a astucia fronte á forza
- **Idade recomendada:** desde 4 anos
- **Aspectos destacables:** dispoñible na colección Makakiños, para nenos con necesidades educativas especiais; editado tamén en italiano ("Capretti caproni")
- **Aplicacións:** xogo de tamaños, formas e sons; diferenza entre pequeno, mediano e grande; distancias